

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DOS MAIOS

1. Establécese o concurso para rapaces/zas de calquera idade. A inclusión ou non de persoas que abranguen máis idade queda a expensas da decisión do xurado.
2. Baixo ningún concepto haberá distincións ou prexuízos por cuestións de raza, relixión ou sexo.
3. A falta de respecto verbal ou física co xurado ou demais Maios participantes, poderá levar consigo a descalificación se o xurado así o considera pertinente.

4. O xurado estará composto:

- a. O concelleiro de Cultura de Vilaboa,. ou persoa en quen delegue.
- b. Un membro da Asociación de Veciños de Bértola, ou persoa en quen delegue.
- c. Técnico municipal, ou persoa en quen delegue.

A ausencia dalgún destes membros do xurado poderá ser compensada coa inclusión ou aumento de membros das demais entidades participantes.

5. O xurado puntuará os Maios nos seguintes aspectos:

a. Mellor letra: será de libre contido político, social, ... valorándose a calidade das mesmas, en canto ao carácter crítico, irónico e sarcástico do texto, atendendo aos valores da nosa “tradicional” retranscra galega.

b. Mellor canto: puntuarase a calidade do canto tanto a nivel individual (intérprete) coma no conxunto, atendendo sobre todo á entoación, forza e o carácter amónico do conxunto do maio.

c. Mellor Maio: puntuarase neste apartado tanto os adornos e aspecto exterior coma no interior, sen excluír ningún elemento que enriqueza o mesmo **(PARTINDO SEMPRE DO RESPECTO Á FORMA TRADICIONAL DOS MAIOS DE VILABOA, QUE É A CÓNICA)**. OUTROS MAIOS NON SERÁN VALORADOS NESTE APARTADO.

6. A votación será por cada un dos aspectos a valorar, de xeito individual e sumarase o conxunto para establecer os gañadores do concurso.

7. A decisión do xurado será inapelable, e as posibles reclamacións deberán ser dirixidas á Concellería de Cultura do Concello de Vilaboa, que dará resposta ás mesmas nun período razoable de tempo.

8. Os premios serán os seguintes:

- a. 1º premio: 150 €, ao Maio que reúna a mellor puntuación sobre o total.
- b. 2º premio: 100 euros.
- c. 3º premio: 50 euros.

9. O xurado ten potestade para que, no caso de considerar que o nivel amosado polos Maios participantes non acada o nivel esixido, declarar deserto o concurso.

10. Os Maios deben de estar media hora antes do inicio do Concurso.

11. A participación no concurso acarrea sistematicamente a aceptación destas bases.